


MATRICULAR ALUMNOS NOS NÓS CURSOS:

Os cursos deseñáronse de maneira que permiten o acceso de convidados, é dicir, calquera pode acceder ao noso curso, sexa alumno ou non. Por iso, debemos primeiramente inactivar o acceso aos convidados. A matriculación do noso alumnado hai que facela de xeito manual, e non fai faia xenerar contrasinais.


A vantaxe de ter aos alumnos matriculados é que poderán enviarnos tarefas que se lles propoña ou realizar tarefas que teñamos deseñado na aula.

Para maticular os alumnos seguimos os seguintes pasos:


1. Entramos identificados no noso curso.
2. Prememos en **usuarios**, e despregase un menú. Seleccionamos **usuarios matriculados**



Ábrese un cadro de diálogo no que aparecen aqueles alumnos que estean dados de alta ou matriculados no noso curso. Nun primeiro momento só apareceredes vós coma profesores.



3. Para comezar a matricular alumnos prememos en **MATRICULAR USUARIOS** e abrírase una ventá onde aparecen as opcións de matriculación. Fíxate que na opción **ASIGNAR ROL** aparece por defecto **ALUMNO**. Se non abre o despregable e selecciona o rol alumno.



SE SÓ QUERES MATRICULAR A UN OU VARIOS ALUMNAS/OS

4. Para atopar un alumno determinado, no recadro asociado a **ESCOLLER USUARIOS** escríbese o nome ou o apelido do alumno. Vaixe despregar automaticamente un listado, no cal, escolleremos ao noso alumno. Por último prémese no cadro **MATRICULAR OS USUARIOS E CIRCULOS SELECCIONADOS**.


The screenshot shows a dialog box titled 'Matricular usuarios'. Under the 'Opcións de matriculación' section, the 'Escoller usuarios' tab is active. A search field contains the text 'Ernesti'. Below it, a dropdown menu is open, showing a list of names with 'Ernesto' highlighted. A red circle highlights the search field, and a red arrow points to the 'Matricular os usuarios e círculos seleccionados' button at the bottom right of the dialog.

SE QUERES MATRICULAR UN CURSO ENTEIRO

5. Para matricular a todos os alumnos pertencentes a un determinado ciclo ou curso dunha vez, prémese no recadro asociado a **ESCOLLER CIRCULOS**, e abríbase un despregable onde aparecen o listado con todos os ciclos ou cursos da ESO do centro.

The screenshot shows the same 'Matricular usuarios' dialog box, but now the 'Escoller círculos' tab is active. The search field is empty. Below it, a dropdown menu is open, displaying a list of course cycles. A red circle highlights the 'Escoller círculos' tab, and a red arrow points to the dropdown menu.

6. Selecciona o ciclo ou curso da ESO que che interese e preme enriba de **MATRICULAR OS USUARIOS E CIRCULOS SELECCIONADOS**



5. Por último, vas poder comprobar que aparece matriculado todo o alumnado no teu módulo

Participantes

Matricular usuarios

Coincidencia Calquera Seleccionar

+ Engadir condición Limpar filtros Aplicar filtros

Atopáronse 2 participantes

Nome Todo A B C D E F G H I J K L M N Ñ O P Q R S T U V W X Y Z

Apellido Todo A B C D E F G H I J K L M N Ñ O P Q R S T U V W X Y Z

Nome / Apellido	Enderezo de correo	Departamento	Roles	Grupos	Último acceso ao curso	Estado
<input type="checkbox"/> marcos alvarez	sameluvt@gmail.com	AO	Alumno	Sen grupos	Nunca	Activo
<input type="checkbox"/> SANTI MESEGUER	samelu986@edu.xunta.es	SANITARIA	creador de cursos, Profesora	Sen grupos	16 días 4 horas	Activo

Cos usuarios seleccionados... Escoller...

Matricular usuarios

